

III.- PREGUNTAS MÁIS COMÚNS

1. Qué é a SEF?

A Sociedade Española de Fertilidade (SEF) é unha asociación de carácter científico e independente, con máis de 50 anos de actividade (1953) que agrupa a diferentes profesionais (médicos especialistas en obstetricia e xinecoloxía, andrólogos, embriólogos, profesionais do laboratorio de reprodución, diplomados universitarios en enfermería e psicólogos) implicados no estudio e tratamento da esterilidade humana. A SEF é membro da “International Federation of Fertility Society” (IFSS) dende a súa creación. Dende o ano 2005 é o Grupo de Traballo de Fertilidade da Sociedade Española de Obstetricia e Xinecoloxía, e membro da Federación Nacional de Sociedades de Reproducción. Actualmente conta con máis de 900 socios procedentes de todas as Comunidades Autónomas; e, coa intención de ter unha maior operatividade e se adaptar á realidade social e sanitaria do noso país, no ano 2005 creouse a figura do Delegado Autonómico da SEF, existindo ésta en cada Comunidade Autónoma.

2. Qué é o rexistro da SEF?

Entre os obxectivos da SEF atópase, “o favorecer a saúde reprodutiva de todos os cidadáns do Estado Español, mediante a difusión dos coñecementos científicos existentes no campo da reprodución humana, así como informando sobre as técnicas e tratamentos médicos posibles nesta materia, as súas implicacións médicas, bioéticas, psicolóxicas e xurídicas. Ademais, é obxectivo da SEF colaborar coas administracións do Estado, Comunidades Autónomas, Concellos e demais institucións públicas e privadas, nos aspectos relacionados coa fertilidade humana, con especial referencia ao seguemento en España da utilización das técnicas de reprodución asistida (TRA) e ao asesoramento en materia científica e legal para a elaboración das normas legais sobre a materia”.

Co propósito de satisfacer os obxectivos anteriores, no ano 1993 comenza a funcionar o Rexistro de TRA SEF, coa intención de proporcionar unha información global das TRA, que permita coñecer o número de tratamentos realizados e as súas características demográficas e médicas. Permitindo unha continua actualización dos protocolos de diagnóstico e tratamento, e proporcionando aos usuarios unha información veraz e actualizada das actividades clínicas dos diferentes centros.

Os seus resultados publicanse dende o ano 1993 e ata o ano 1998 no Boletín da SEF, e a partir dese ano ata a actualidade na Revista Iberoamericana de Fertilidade (acceso a todos os informes anuais en http://nuevo.sefertilidad.com/charts/centros_old.php).

3. É o rexistro da SEF o rexistro oficial?

O rexistro SEF non é o rexistro oficial que se describe na Ley actual de Reprodución asistida (Ley 14/2006). Non obstante, o Ministerio de Sanidade e Política Social considera útil o rexistro da SEF mentres se redacta o Real Decreto que desenrolará o rexistro oficial. Froito da colaboración entre a SEF e o Ministerio de Sanidade e Política Social, este último facilitará o acceso aos pacientes ao informe anual do Rexistro SEF 2008.

4. Qué clínicas participan no rexistro da SEF?

A participación no rexistro da SEF é voluntaria. Aproximadamente entre un 60-70% de centros acreditados en España participan no rexistro SEF. Non obstante, a actividade que recolle estímase que abarca entre un 80-85% da realizada en España, xa que os centros máis importantes de España participan no rexistro SEF.

5. Por qué unhas clínicas teñen porcentaxes de embarazo máis baixas que outras?

As diferentes porcentaxes de embarazos que se observan nas clínicas de reprodución asistida teñen que ver principalmente cos seguintes factores:

- Severidade da esterilidade das parellas, xa que cantas máis parellas haxa con peor prognóstico nun centro máis baixas serán as porcentaxes de embarazo deste centro. O rexistro SEF non pode facilitar estes datos debido á maneira na que está organizado.
- Numero de embrións que transfiren. En España o límite legal permitido de embrións a transferir é 3. Só en poucas ocasións obtense unha vantaxe transferindo 3 embrións en vez de dous. As xestacións xemelgares e as triples especialmente, teñen un maior número de complicacións. A SEF creou unhas recomendacións sobre o número de embrións a transferir que se poden consultar no seguinte enlace (<http://nuevo.sefertilidad.com/quienessomos/saludembrionaria/Folletoinformativo.pdf>).
- Os recursos e organización do centro é outro factor clave.

6. Qué factores fan que unhas mulleres embaracen tras unha FIV e outras non, acudindo ao mesmo centro?

Existen mulleres con peor prognóstico reprodutivo que outras, nas cales os tratamentos serán menos útiles, así:

- A fertilidade das mulleres diminúe coa idade. Canto maior sexa a idade dunha muller menor vai ser a súa probabilidade de xestación cos seus óvulos.
- Hai pacientes que responderán mal á estimulación porque os seus ovarios están avellentados prematuramente.
- A mala calidade espermática tamén pode influir negativamente na porcentaxe de embarazo. Canto maior sexa o número de varóns con factor masculino severo, menor será a porcentaxe de embarazos.
- Outros factores que van influir na probabilidade de xestación serán:
 - Obesidade
 - Tabaco
 - Anos de esterilidade da paciente
 - Enfermedades como diabete
 - Número de tratamentos realizados previamente

7. Por qué os resultados de 2008 publícanse en 2010?

O retraso é debido á complexidade na recollida de datos deste tipo de proxectos así como aos controis de calidade e inspeccións que se realizan. Non se debe olvidar que para recoller os datos referentes aos partos derivados das xestacións

acadadas en diciembre do 2008, haberá que esperar ata setembro de 2009. Este retraso é moi semellante ao que se produce en rexistros destas características noutros países.

8. Por qué a SEF non fai un ranking de centros, de mellor a peor resultados?

A calidade dun centro de reprodución asistida non se reflicte únicamente na porcentaxe de embarazos, senón no conxunto de diferentes parámetros entre os que se atopa: unha adecuada política de estimulación da ovulación, elevada porcentaxe de transferencia de un ou dous embrións, unha baixa porcentaxe de xemelgos e trillizos, unha elevada porcentaxe de supervivencia embrionaria á conxelación, etc. Un elemento clave para valorar a calidade dun centro é dispoñer de sistemas de xestión da calidade e poñer os seus resultados de maneira clara e transparente a disposición dos pacientes mediante a participación no registro da SEF. Por último, convén recordar de novo que a porcentaxe de embarazos esta moi distorsionada por multitude de factores e fai que non sexa comparable entre os diferentes centros senón se teñen en conta estes factores.

9. Rexístranse todos os ciclos realizados nun centro?

Todos os ciclos realizados han de ser rexistrados. Este é un dos puntos clave que se revisan cando a SEF monitoriza un centro.

10. Cales son as miñas opcións de quedar embarazada tras unha FIV?

Non se fixe nas porcentaxes de embarazos. A vostede interésalle saber “a súa porcentaxe de embarazo”, “as súas posibilidades de conseguir un neno”, o cal vai depender dos factores que provocaran a esterilidade (cirurxía previa, endometriosis, alteracións endocrinas) e de factores asociados (anos de esterilidade, fracasos previos dos tratamentos, fumar, obesidade, diabeite, etc.). O seu especialista en reprodución valorará as súas condicionantes e poderá dicirlle cales son as súas opcións de cara a conseguir o embarazo.

11. Por qué se presentan os resultados por técnicas?

Os resultados son moi diferentes dependendo da técnica utilizada, por eso preséntanse de forma separada.

12. Por qué se presentan os resultados en porcentaxes?

Unha porcentaxe é unha forma de amosar resultados para que podamos comparalos e é unha forma que todos usamos aínda que só sexa de maneira intuitiva. As porcentaxes lle servirán para valorar o funcionamento xeral das clínicas, porque é, antes de saber calquera dato sobre vostedes, o resultado que se podería esperar dun centro.

Cando se trate o seu caso en concreto, esa porcentaxe variará e o seu médico lle informará, atendendo ás características da súa situación.

13. Qué significa que nun centro a porcentaxe de xestacións por ciclo oscila entre un 20% e un 30% e noutro centro entre o 26% e o 41%? ¿Podo dicir se nun centro quedarei embarazada antes que noutro?

Significa que a porcentaxe de xestacións por ciclo que un podería esperar do primeiro centro está entre un 20% e un 30%, é dicir que de cada 100 ciclos de tratamento que se inician nese centro entre 20 e 30 terminan en xestación, e que iso é o

que podería esperar unha muller que ao se dirixir a ese centro antes de aportar ningunha información sobre o seu caso.

A simple vista, o segundo intervalo está máis desprazado hacia arriba que o primeiro, de xeito que o centro segundo parecería en primeira instancia que obtén máis embarazos que o primeiro; non obstante, esa percepción é falsa. En efecto, para o primeiro intervalo dixemos que a porcentaxe de xestacións por ciclo está entre o 20% e o 30% mentres que para o segundo estaría entre o 26% e o 41%, de maneira que ambos intervalos teñen unha zona común, se solapan, que vai dende o 26% ao 30%, polo que son posibles valores da porcentaxe de xestacións por ciclo que sexan dun ou doutro intervalo o que nos di que non podemos afirmar que un obteña máis xestacións que o outro. Supoñamos que no segundo centro o intervalo fora dun 31% a un 41%, nese caso o intervalo para o primeiro centro e o intervalo para o segundo centro non se solaparían, xa que non hai posibles porcentaxes que sexan comúns, o que indica que sí podemos dicir que ambos centros diferencian, e, pormáis, que o segundo estaría por riba do primeiro en porcentaxe de xestacións por ciclo.

A pesar destas precaucións, aínda que un centro presente intervalos de confianza superiores a outro, non quere dicir que vostede teña máis posibilidade de quedar embarazada nun centro que noutro, xa que esta posibilidade vai a depender doutros moitos factores non contemplados no rexistro SEF (a súa causa de esterilidade, o tipo de tratamento que reciba, a calidade dos seus embrións, etc...)

14. Onde podo obter información adicional das clínicas?

A páxina Web da sociedade española de fertilidade contén información sobre o enderezo das clínicas transparentes que participan no rexistro da SEF (<http://nuevo.sefertilidad.com/>)

15. Onde podo obter información adicional das técnicas de reprodución?

A Sociedade Española de Fertilidade contén información sobre os distintos aspectos de reprodución asistida (<http://nuevo.sefertilidad.com/pacientes.php>)

16.- Onde podo obter información adicional do rexistro SEF?

O rexistro SEF posúe unha páxina WEB (<http://www.registrosef.com/>) e un BLOG (<http://registrosef.wordpress.com>) onde poderá ampliar información e deixar os seus comentarios.